

UNIDADE DIDÁCTICA

REFERENCIAS DA VIDA COTIÁ DO MUNDO CLÁSICO PRESENTES NAS LINGUAS
ACTUAIS



Retrato de P. Próculo e dona. Acuarela de Pompeia. S. I. Museo Nacional de Nápoles.

ÍNDICE

| | |
|--|------------|
| INTRODUCCIÓN..... | .4 |
| OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE..... | .5 |
| CONTIDOS..... | .6 |
| SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS | .7 |
| METODOLOXÍA..... | .7 |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN..... | .8 |
| INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN | .9 |
| PALABRAS RELACIONADAS COA FAMILIA ROMANA | .10 |
| “FAMILIA”..... | .10 |
| “XENTE” | .11 |
| “DOMÉSTICO” | .12 |
| “IRMÁN, IRMÁ”..... | .13 |
| “NEPOTISMO”..... | .14 |
| “CUÑADO”..... | .15 |
| PALABRAS REFERIDAS ÁS ETAPAS DA VIDA EN ROMA..... | .16 |
| “INFANCIA”, “INFANTE”, “INFANTARÍA” | .16 |
| “ADOLESCENTE”..... | .17 |
| PALABRAS RELACIONADAS COA EDUCACIÓN E O DEPORTE | .18 |
| “ALUMNO” | .18 |
| “DISCÍPULO”, “DISCIPLINA”..... | .19 |
| “CÁLCULO” | .20 |

| | |
|--|-----------|
| “PEDAGOGO”..... | 21 |
| “SAÍR Á PALESTRA”..... | 22 |
| “TABLETA” | 23 |
| “DÉCATLON “ “PÉNTATLON” | 24 |
| PALABRAS RELACIONADAS CO MATRIMONIO ROMANO | 25 |
| “MANUTENCIÓN, EMANCIPACIÓN”..... | 26 |
| “ESPONSALES” | 27 |
| “ESPOSA” | 27 |
| “MATRIMONIO”..... | 28 |
| PALABRAS E EXPRESIÓNNS RELACIONADAS COA COMIDA ROMANA | 29 |
| “MARMELADA”, “MARMELO”, “MELOCOTÓN” | 29 |
| “FÍGADO” | 31 |
| “COMPAÑEIRO” | 32 |
| “FARIÑA DO MESMO COSTAL” | 33 |
| PROPOSTA DE ACTIVIDADES..... | 34 |
| BIBLIOGRAFÍA | 36 |

INTRODUCIÓN

A unidade didáctica que presentamos chámase REFERENCIAS DA VIDA COTIÁ DO MUNDO CLÁSICO PRESENTES NAS LINGUAS ACTUAIS e con ela pretendemos que os alumnos acaden coñecementos básicos e xerais sobre aspectos da vida cotiá do mundo clásico que lles permitan rastrexar a súa pegada no léxico actual. Centrámonos, en concreto, no léxico galego, inglés e francés procedente dos distintos aspectos que conforman o que entendemos como *vida cotiá grecolatina*, como poden ser a familia, as etapas da vida, a educación e o deporte ou o matrimonio e a comida.

Nembargantes, tendo en conta a ampla extensión deste vocabulario tratamos de seleccionar aqueles termos que resultan más curiosos ou que poden suscitar o interese dos nosos alumnos e que nos permitan profundar nos coñecementos non só lingüísticos senón tamén nos que supoñan un achegamento aos contidos más salientables da vida cotiá grecolatina.

Nesta unidade buscamos fundamentalmente o interese do alumnado polo mundo clásico. Aparte do pracer que en si mesmo supón o descubrimento dun mundo que é o berce da nosa civilización, o acercamento ás culturas grega e latina permitiralles ampliar o seu vocabulario e elevar a súa comprensión oral e escrita. A nosa misión como docentes de clásicas é achegarlles o mundo grecolatino dun xeito sinxelo e práctico e facerelles saber que unha parte importante da nosa lingua ten referentes clásicos que eles poden chegar a coñecer facilmente.

¿PARA QUÉ CURSOS SE CONSIDERA ADECUADA?

A presente unidade didáctica consideramos que é adecuada para os alumnos de cuarto de ESO e que pode ser útil e práctica para as materias de LATÍN, CULTURA CLÁSICA, INGLÉS e FRANCÉS.

Nesta etapa educativa o alumno conta xa coa creatividade, abstracción e coñecementos previos necesarios que lle permiten sentirse interesado e motivado para adquirir dun xeito dinámico e práctico os contidos e actividades que propoñemos. Consideramos que para que os alumnos adquieran os coñecementos que desenvolvemos deben ter un

nivel lingüístico e de uso das novas tecnoloxías medio, e isto só é posible no último curso desta etapa educativa.

OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

Contribución da unidade didáctica á adquisición das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística: esta unidade contribúe á expresión oral e escrita e á lectura comprensiva de textos diversos en diferentes linguas que forman parte do currículo do noso sistema educativo. Podemos considerar a nosa unidade didáctica como unha ferramenta dinámica e práctica que permitirá ao alumnado a adquisición e ampliación de léxico referido aos distintos elementos da vida cotiá clásica en diferentes linguas.

Competencia na expresión cultural e artística: a contribución a esta competencia acadámola mediante o coñecemento de aspectos da vida cotiá do mundo clásico, como poden ser curiosidades sobre a familia romana, a súa educación e prácticas deportivas ou os seus hábitos culinarios, así como o recoñecemento da súa vixencia nas linguas actuais e na realidade que nos rodea.

Competencia para aprender a aprender: pola presentación dos contidos e actividades relacionados coa vida cotiá clásica dun xeito sinxelo e práctico, esta unidade didáctica contribuirá a unha aprendizaxe autónoma e organizada do noso alumnado.

Competencia dixital: pretendemos fomentar un uso crítico e reflexivo das distintas fontes de información que atopamos na rede, mediante a recollida nesta unidade didáctica de direccións web con información relevante e fiable sobre a sociedade clásica, facendo delas un modelo para os alumnos sobre como achegarse á realidade das tecnoloxías da información, e a través da proposta de actividades que supoñan a análise, selección e tratamiento da información en distintas aplicacións informáticas para elaborar documentos de aula.

Competencia social e cidadán: a contribución xorde a partir do coñecemento dos hábitos de vida e organización social da antigüidade clásica como un medio para

achegarse e valorar a nosa propia organización social e para identificar os elementos de cohesión social e cidadán comúns a toda Europa.

Obxectivos específicos da unidade didáctica:

- Identificar o significado e a orixe dun grupo de palabras e expresións lingüísticas que proceden de diferentes ámbitos da vida cotiá antiga e a súa vixencia na actualidade.
- Comparar e analizar a evolución lingüística en galego, inglés e francés sufrida polas palabras latinas que teñen a súa orixe nos hábitos de vida clásicos.
- Acadar coñecementos sobre a familia, a educación e o deporte en Roma e sobre o matrimonio e os hábitos culinarios dos antigos.
- Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución das actividades propostas e na interpretación dos textos.
- Diferenciar os ámbitos que conforman o que englobamos baixo o epígrafe *vida cotiá romana*.
- Identificar, se é o caso, o diferente significado ou os distintos matices de sentido que pode acadar en distintas linguas unha palabra que ten a mesma orixe.

CONTIDOS

Os coñecementos que pretendemos que os nosos alumnos acaden dun xeito ágil e dinámico refírense fundamentalmente a expresións e palabras presentes en galego, francés ou inglés que teñen a súa orixe nos hábitos de vida dos antigos, no relativo á familia, á educación ou á súa comida. Asemade, deberán comprender e saber usar en contextos adecuados o significado desas palabras e expresións na lingua propia e nas linguas estranxeiras que empregamos na nosa unidade, así como coñecer e memorizar o termo nesas linguas.

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. Palabras relacionadas coa familia romana: “*familia*”, “*xente*”, “*doméstico*”, “*irmán*”, “*nepotismo*”, “*cuñado*”.

2. Palabras referidas ás etapas da vida en Roma: “*infancia*”, “*infante*”, “*infantería*”, “*adolescente*”.
3. Palabras relacionadas coa educación e o deporte: “*alumno*”, “*discípulo*”, “*disciplina*”, “*cálculo*”, “*pedagogo*”, “*saír á palestra*”, “*tableta*”, “*décation*”, “*péntation*”.
4. Palabras relativas ao matrimonio en Roma: “*manutención*”, “*emancipación*”, “*esponsais*”, “*esposa*”, “*matrimonio*”.
5. Palabras e expresións relacionadas coa comida romana: “*marmelada*”, “*marmelo*”, “*melocotón*”, “*fígado*”, “*compañero*”, “*fariña do mesmo costal*”.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos desta unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que coñecemos como vida cotiá grecolatina. Contribuimos con esta secuenciación á adquisición dun coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito breve e preciso buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da nosa unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte o máis áxil posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias dúas sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

METODOLOXÍA

Empregaremos unha metodoloxía práctica e participativa, tratando de suscitar o interese e a implicación dos nosos alumnos na súa aprendizaxe.

Traballaremos do seguinte xeito:

1. Como é moi importante a motivación do alumno, comezaremos vendo unha galería de imaxes asociadas a unha palabra ou a unha expresión elaboradas con *eXelearning* e contidas na aula virtual da que forma parte o alumno.
2. Realizaremos preguntas que susciten o seu interese por entender o significado actual e a súa orixe, así como a relación entre a imaxe e a palabra.
3. Presentaremos, a continuación, o tema elaborado en *eXelearning* e realizaremos a explicación apoiándonos nesta presentación.
4. Realización das actividades interactivas recollidas en *eXelearning* e outras actividades creadas nesta aplicación.
5. Usaremos como actividade de reforzo e repaso de conceptos a realización en grupo das actividades deseñadas na unidade didáctica ou as propostas na páxina de *eXelearning* e que serán recollidas no caderno de clase ou presentadas como un documento de aula.
6. Proporemos a realización dun traballo en grupo ou individual, orientado a profundar nos coñecementos acadados e que permita usar as fontes de información que seleccionamos en relación con esta unidade na páxina de *eXelearning*, tendo que presentar o traballo como un documento *word* que logo subirán á aula virtual.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realización das actividades e do traballo programado.

Presentación do caderno de clase.

Cualificación obtida nunha sinxela proba sobre os conceptos más importantes da unidade didáctica.

Habilidade no manexo dos materiais dixitais.

Seguimento das actividades programadas.

INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Participación e implicación na realización das diferentes actividades.

Revisión dos cadernos de clase.

Sinxela proba sobre os contidos más importantes da unidade.

Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENCIAS DA VIDA COTIÁ DO MUNDO CLÁSICO PRESENTES NAS LINGUAS ACTUAIS

O noso propósito didáctico é recoller e organizar coñecementos referidos aos aspectos da vida cotiá do mundo clásico que deixaran a súa pegada no léxico actual. Centrámonos, en concreto, en palabras e expresións presentes en galego, inglés e francés que proceden dos aspectos que conforman o que consideramos *vida cotiá grecolatina*, como poden ser a familia, as etapas da vida, a educación, o deporte, o matrimonio e a comida.

PALABRAS RELACIONADAS COA FAMILIA ROMANA

“FAMILIA”

GALEGO: “familia”, “familiaridade”.

SIGNIFICADO ACTUAL: conxunto de persoas unidas por lazos de parentesco (sinónimo: fogar); conxunto de individuos que descenden uns dos outros; os fillos dun matrimonio ou parella (sinónimo: descendencia); en sentido figurado refírese a un grupo de persoas ou cousas con características comúns.

ORIXE: a diferenza do que entendemos hoxe por familia, a *familia romana* non estaba formada só polos pais, fillos e parentes, senón tamén por todos aqueles que mantiñan unha relación de dependencia co *pater familias*, é dicir, os escravos, libertos e clientes. Etimolóxicamente, o termo familia refírese a *famuli* “criados”. A familia era a unidade básica da sociedade romana e dentro dela resolvíanse os asuntos más importantes.

ENGLISH WORD: “family”, “familiarity”.

CURRENT MEANING: a group of people united by ties of kinship, we can use as synonym “household”; a group of people that descend from one another; the children of a marriage, offspring; figuratively, it refers to a group of people or things with common features.

ORIGIN: in contrast to what we understand today by family, the Roman *familia* was formed not only by parents, children and relatives, but also for all those who kept a dependency relationship with the *pater famílias*, i.e., slaves, freedman or libertus and customers. Etymologically, the term family it refers to *famuli* “servants”. The family was the basic unit of Roman society and within it the most important issues were resolved.



Detalle do *Ara Pacis de Augusto*, onde podemos ver a familia de Augusto nunha procesión.

FRANÇAIS: “famille”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: ensemble de personnes qui ont des liens de parenté, par le sang ou par alliance.

ORIGINE: à la différence de ce que nous comprenons aujourd’hui par famille, la famille romaine n’était pas composée seulement par les parents, les fils et les proches parents, mais aussi par tous ceux qui maintenaient un rapport de dépendance avec le *pater familias*, c'est-à-dire, les esclaves, affranchis et clients. Étymologiquement le terme famille se réfère à *famuli* “domestiques”. La famille était l’unité de base de la société romaine et à l’intérieur d’elle on résolvait les affaires les plus importantes.

“XENTE”

GALEGO: “xente”, “xentío”.

SIGNIFICADO ACTUAL: grupo de persoas en número indeterminado.

ORIXE: remóntase ao termo latino *gens*, que facía referencia a un sistema social, civil, político e relixioso formado por varias familias descendentes dun antepasado común, vixente en Roma ata os primeiros tempos da República.

FRANÇAIS: “gens”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: personnes en nombre indéterminé considérées collectivement.


ORIGINE: cet terme fait référence à *gens*, un système social, civil, politique et religieux formé par plusieurs familles descendantes d'un ancêtre commun, en vigueur à Rome jusqu'à des premiers temps de la République.

“DOMÉSTICO”

GALEGO: “doméstico”.

SIGNIFICADO ACTUAL: relativo á casa, ao fogar.

ORIXE: etimoloxicamente vén do termo latino *domus*. A *domus* era a casa unifamiliar propia dos ricos, cun o varios patios interiores.



Atrio domus pompeiana. Luigi Bazzani. Dahesh Museum of Art.

ENGLISH WORD: “domestic”.

CURRENT MEANING: pertaining to the home, the household, the household affairs, or the family.

ORIGIN: etymologically it comes from the latin *domus*. The *domus* was a single-family house belonging to the rich, with one or more courtyards.

FRANÇAIS: “domestique”, “domicile”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: relatif à la vie à la maison. Ce terme peut aussi designer une personne employé pour l'entretien d'une maison.

ORIGINE: étymologiquement se rapporte au terme latin *domus*. Une *domus* équivalait alors à la maison individuelle propre aux riches, avec un ou plusieurs cours intérieures.

“IRMÁN, IRMÁ”

GALEGO: “irmán”, “irmá”.

SIGNIFICADO ACTUAL: persoa que comparte os mesmos pais, ou fillo do mesmo pai ou da mesma nai.

ORIXE: procede do termo latino *germanus/a*, adjectivo que significaba literalmente “orixinado do mesmo xermen”. O termo latino para designar aos irmáns era *frater* e para as irmás *soror*. Conservámolo nos termos “fraternal”, “fraterno”, “confraría”, “fratricida”, “sor”.

ENGLISH WORD: “german”, but we can find the same origin in “Germanic”, “German”, “germen” and others.

CURRENT MEANING: we can use “german” or “brother” to say that someone has the same parents as oneself or is son of the same father or the same mother. On the other hand, “Germanic” and “German” are words referred to Germany, the German language, or any people that speak a Germanic language. The same origin has “germen” with the meaning of rudimentary form.

ORIGIN: it has its origin in Latin *germanus/a*, adjective meaning literally “originated from the same germ”. The Latin term to refer to brothers were *frater* and to sisters

soror. We keep it in “fraternal”, “fraternise”, “fraticide”, “fraternity” or “confraternity”.

FRANÇAIS: “frère”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: personne qui est née de la même mère et du même père qu'une autre personne.

ORIGINE: provient du terme latin *germanus/a*, adjectif que signifiait littéralement “originaire de la même semence”. Le terme latin pour désigner les frères était *frater* et pour les soeurs *soror*. On les conserve dans les termes “fraternel”, “confrérie”, “fraticide”, “sor”.

“NEPOTISMO”

GALEGO: “neto”, “nepotismo”.

SIGNIFICADO ACTUAL: fillo dun fillo ou dunha filla. Chamamos *nepotismo* ao feito de favorecer a familiares na provisión de cargos.

ORIXE: remóntase ao termo latino *nepos*, *nepotis*, que significaba tanto “neto” como “sobrino”. A práctica do nepotismo xurdiu a finais da Idade Media, no contexto da curia romana, cando moitos cargos eclesiásticos eran outorgados a parentes de familias nobres que xa tiñan un membro na curia.



Curia Iulia no Foro Romano, Roma. Restaurado entre 1930 e 1936.

ENGLISH WORD: “nephew”, “nepotism”.

CURRENT MEANING: a “nephew” is a son of one’s brother or sister, in earlier period meant a direct descendant, especially a grandson. We use the term “nepotism” to refer to favoritism shown to relatives or close friends by those with power or influence.

ORIGIN: it has its origin in the Latin term *nepos*, *nepotis*, that meant both “grandson” and “nephew”. The practice of nepotism emerged at the end of the Middle Ages, in the context of the Roman curia, when many ecclesiastical charges were granted to relatives of noble families that had a member in the curia.

FRANÇAIS: “petit fils”, “népotisme”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: fille du fils ou de la fille. Népotisme fait allusion à quelqu’un qui procure des avantages aux gens de sa famille.

ORIGINE: il se remonte au terme latin *nepos*, *nepotis*, qui signifiait autant "petit fils" que "neveu". La pratique du népotisme a surgi à la fin du Moyen Age, dans le contexte de la curie romaine, quand beaucoup de postes ecclésiastiques étaient assignés à des parents de familles nobles qui avaient déjà un membre dans la curie.

“CUÑADO”

GALEGO: “cuñado” e “cognados”.

SIGNIFICADO ACTUAL: irmán ou irmá dun dos cónxuxes respecto ao outro, ou cónxuxe dun irmán ou dunha irmá respecto a unha persoa. Sinónimo: irmán ou irmá político. En galego a palabra *cognado* ten o significado de “parente de sangue ou natural” e en lingüística os *cognados* son palabras que teñen unha orixe etimolóxica común.

ORIXE: remonta ao termo latino *cognatum*, que para os romanos significaba “parente natural”. Trátase dunha restrición semántica do termo.

ENGLISH WORD: “cognate”.

CURRENT MEANING: in linguistics, the *cognates* or *doublets* are words that have a common etymological origin.

ORIGIN: this term derives from the Latin *cognatum*, whith the meaning of blood relative.

PALABRAS REFERIDAS ÁS ETAPAS DA VIDA EN ROMA

“INFANCIA”, “INFANTE”, “INFANTARÍA”

GALEGO: “infancia”, “infantil”, “infantaría”.

SIGNIFICADO ACTUAL: primeira etapa da vida dun individuo dende que nace ata chegar á adolescencia. Sinónimos: nenez, crianza. En España e Portugal utilízase o termo “infante” como título de nobreza que se lle concede aos fillos do rei que non sexan herdeiros e aos fillos destes. A infantaría son as tropas que van a pé e con armas lixeiras.

ORIXE: tanto “infancia” como “infante” remiten ao termo latino *infans*, que etimoloxicamente significa “o que non fala”. Está formado polo prefixo de negación *in* más o participio de presente do verbo *fari* “falar”. A *infantaría* era a tropa que protexía ao infante.

ENGLISH WORD: “infancy”, “infantile”, “infantry”.

CURRENT MEANING: first stage of a person's life since birth to adolescence. In Spain and Portugal the term *infant* is used as a title and rank of nobility given to the sons and daughters (called *infantas*) of the king that are not heirs and their children. *Infantry troops* are those that go on foot and with light weapons.

ORIGIN: both the term *infancy* and *infantile* send us to Latin word *infans*, that etymologically means “who does not speak”. It is formed by the prefix of negation *in* and the present participle of the verb *fari* “speak”. The *infantry* was a troop that protected the infant.



Nenos xogando coa pelota. Mármore do s. II. Museo do Louvre. París.

FRANÇAIS: “enfant”, “infant”, “infanterie”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: étape de la vie antérieure à l'adolescence. Avec le terme *infant* on fait référence au titre donné aux enfants du roi du Portugal et d'Espagne. L'*infanterie* ce sont des troupes qui marchent à pied.

ORIGINE: *infant* et *enfant* remettent au terme latin *infans*, *infantis*, qui signifie “qui ne parle pas”. L'*infanterie* était la troupe qui protégeait l'*infant*.

“ADOLESCENTE”

GALEGO: “adolescente”, “adolescencia”.

SIGNIFICADO ACTUAL: etapa que segue á infancia, previa á idade adulta, que vai dende os 12 aos 18 anos aproximadamente.

ORIXE: deriva do termo latino *adolescens* (participio de presente do verbo *adolescere*) co significado de “o que está crecendo”, en oposición a *adultus*, co significado de “o que xa creceu”. En Roma, o 17 de marzo, durante as *Liberalia*, celebrábase unha ceremonia na cal os nenos de entre 13 e 18 anos pasaban a ser *adolescents* e cidadáns romanos de pleno dereito. Os nenos despoxábanse da *bulla* e da toga *praetexta*, cambiándoa pola toga *virilis*, ofrecían unha moeda a *luventas*, divindade da xuventude, e eran levados ao foro polo seu pai para inscribirse na tribo que lles correspondía e poder ser chamados a filas.

ENGLISH WORD: “adolescent”, “adolescence”.

CURRENT MEANING: life stage following childhood, prior to adulthood, ranging from age 12 to age 18 approximately.

ORIGIN: it derives from the Latin term *adolescens* (present participle of the verb *adolescere*) with the meaning of “who is growing up”, as opposed to *adultus* with the meaning of “who already grew up”.

FRANÇAIS: “adolescent”, “adolescence”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: période entre l’infance et l’âge adulte.

ORIGINE: fait allusion au terme latin *adolescens* (participe présent du verbe *adolescere*), qui signifie “celui qui est en train de grandir”, en oposition à *adultus*, “qui a déjà grandi”.

PALABRAS RELACIONADAS COA EDUCACIÓN E O DEPORTE

“ALUMNO”

GALEGO: “alumno/a”.

SIGNIFICADO ACTUAL: persoa que recibe ensinanzas de alguén ou acode a un centro de ensino.

ORIXE: ao neno recién nacido que se alimentaba da súa nai dábanlle o nome de *alumnus* “o que é alimentado”. Esta palabra é un antigo participio medio do verbo *alere* “alimentar”, “criar”, “facer crecer”. En sentido metafórico, úsase *alumno* para designar “ao que se alimenta intelectualmente”.

ENGLISH WORD: “alumnus/a”.

CURRENT MEANING: in English this word has a different meaning from ours. It’s used to refer to a graduate or former student of a specific school, college or university.

ORIGIN: the newborn child who was fed by his mother received the name of *alumnus* “who is fed”. It comes from the Latin verb *alere* “to feed”, “to grow”. In metaphorical sense, *alumnus* wants to say “who is intellectually fed”.

FRANÇAIS: “élève”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: personne qui reçoit un enseignement de quelqu'un ou qui suit des cours dans un établissement scolaire.

ORIGINE: vient d'élever (amener un être vivant à son plein développement).

“DISCÍPULO”, “DISCIPLINA”

GALEGO: “discípulo”, “disciplina”.

SIGNIFICADO ACTUAL: persoa que aprende de alguén nun centro escolar. Persoa que segue unha determinada doutrina. Por disciplina entendemos o conxunto de normas e leis que rexen unha organización.

ORIXE: remite ao latín *discere* “aprender”. O *discipulus* é “o que aprende”.

ENGLISH WORD: “disciple”, “discipline”.


CURRENT MEANING: person who learns from someone in a school. Somebody who follows a particular learning. We understand by discipline the set of rules and laws that govern an organization.

ORIGIN: it sends us to Latin verb *discere* “to learn”. The *discipulus* is “who learns”.

FRANÇAIS: “disciple”, “disciplin”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: synonyme d'élève. Personne qui reçoit un enseignement. On peut aussi faire référence à quelqu'un qui suit une doctrine, comme des apôtres.

ORIGINE: ce terme vient du verbe latin *discere*, qui signifie apprendre. Le *discipulus* était “ce qui apprend”.



Profesor con tres discipuli. Relevo atopado preto do Trier. Foto dun casting no museo Pushkin, Moscú.

“CÁLCULO”

GALEGO: “cálculo”, “calculadora”, “calcular”.

SIGNIFICADO ACTUAL: este termo fai referencia á operación matemática de contar. Tamén pode referirse ás pedriñas que se forman nos riles.

ORIXE: o termo *calculus* en latín significaba “pedriña”, en especial, as que se usaban para ensinar a contar aos nenos na escola.

ENGLISH WORD: “calculus”, “calculator”, “calculate”.


CURRENT MEANING: this term refers to the mathematical counting operation. It also can refer to the small stones that turns up in the kidneys.

ORIGIN: the Latin term *calculus* meant “small stone”, particularly those used to teach children to count in school.

FRANÇAIS: “calcul”, “calculable”, “calculateur”, “calculette”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: action de compter. Ce terme peut aussi faire référence à un calcul rénal.

ORIGINE: le terme *calculus* signifiait “caillou”. Avec ces cailloux on apprenait aux enfants à faire des calculs aritmétiques.



Reconstrucción dun ábaco romano realizada no Museo RGZ en Mainz. O orixinal é de bronce e atópase na Biblioteca Nacional de Francia en París.

“PEDAGOGO”

GALEGO: “pedagogo”, “pedagoxía”.

SIGNIFICADO ACTUAL: persoa con capacidades para educar e ensinar aos nenos.

ORIXE: o *paedagogus* era un preceptor do que dispoñían en Roma as clases acomodadas, solía ser un escravo de orixe grega, cuxa principal misión era a de acompañar os nenos á escola e axudalos nas súas primeiras aprendizaxes. Etimoloxicamente alude a *παῖς*, *παιδός* “neno” e *ἄγω* “conducir”.

ENGLISH WORD: “pedagogue”, “pedagogy”.

CURRENT MEANING: person with abilities to educate and teach the children.

ORIGIN: the *paedagogus* was a preceptor or tutor used in Rome by the well-to-do, it used to be a slave of Greek origin, whose main mission was to go with children to school and help them in their early learning. Etymologically it alludes to *παῖς*, *παιδός* “child” and *ἄγω* “lead”.

FRANÇAIS: “pédagogue”, “pédagogie”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: celui qui est chargé de l'éducation ou l'instruction des enfants.


ORIGINE: le *paedagogus* était à Rome le précepteur chargé de conduire les enfants de famille riche à l'école et qui se chargait aussi de leur donner les premiers enseignements. Étymologiquement ce terme fait allusion à *παῖς*, *παιδός* "enfant" et le verb ἄγω "conduire".

"SAÍR Á PALESTRA"

GALEGO: "saír á palestra".

SIGNIFICADO ACTUAL: úsase para referirse a alguén que participa de xeito activo e público nun acto, como pode ser unha competición deportiva, un debate, unha discusión pública etc.

ORIXE: remóntase ao grego *παλαιστρα* que pasa ao latín *palaestra*, e fai referencia a un lugar público onde se ensinaban e se practicaban exercicios atléticos como a loita, ximnasia, puxilato, salto, lanzamento de disco etc. En Grecia era, en cambio, un lugar privado, a diferenza do ximnasio.



Palestra. Herculano.

ENGLISH WORD: "palestra", "palaestra".

CURRENT MEANING: *palestra* used as noun is very rare and only to refer to a public place in ancient Greece or Rome devoted to sports training, a *gymnasium* or a wrestling school.

ORIGIN: it comes from the Greek *παλαιστρα* passing to Latin *palaestra*, and it makes reference to a public place where athletic exercises as the fight, the boxing etc, were taught and practiced. In English this noun keeps only the ancient significance.

FRANÇAIS: “palestre”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: lieu où à la Grèce antique l'on pratiquait la lutte et autres exercices physiques.

ORIGINE: vient du terme grecq *παλαίστρα* qui était un haut lieu de l'éducation grecque et un bâtiment central dans la culture grecque.

“TABLETA”

GALEGO: “tablet”, “tableta”.

SIGNIFICADO ACTUAL: é un pequeno computador que usamos tocando os dedos ou cunha pluma ou *stylus*.

ORIXE: procede do termo latino *tabella*, que traducimos como “taboíña” e que se definía como un soporte de escritura usado na antigüidade. A palabra *stylus* tamén ten a súa orixe na palabra latina *stylus* que era un instrumento usado polos romanos para escribir sobre as súas *tabellae*; o mesmo instrumento que hoxe en día podemos usar nas tablets.

INGLÉS: “tablet”.



CURRENT MEANING: it's a small computer which we use by touching the screen with our fingers or with a feather also known as *stylus*.

ORIGIN: it comes from the Latin word *tabella* with the meaning of a writing support used in ancient times. The word *stylus* comes from the Latin word *stylus* with the meaning of a pointed instrument used by the Romans for writing upon their *tabellae*; today we can use the same instrument upon the tablets.

FRANÇAIS: “tablet”, “tablette tactile”, “ardoise”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: ordinateur portable et ultraplat, qui se présente comme un écran tactile et qui permet notamment d'accéder à des contenus multimédias avec les doigts ou un stylet.

ORIGINE: la procedence étymologique de ce terme est le latin *tabella*, un support d'écriture utilisé à l'Antiquité. Le terme *stylet* vient du latin *stylus*, outil utilisé par les romains pour écrire sur leurs tabelles.




Un escravo trae ao seu amo as tabellae para escribir. Detalle do sarcófago do avogado romano Valerius Petronianus. Museo Arqueolóxico en Milán. Fotografía de Giovanni Dall'Orto.

“DÉCATLON” “PÉNTATLON”

GALEGO: “décathlon”, “péntatlon”.

SIGNIFICADO ACTUAL: competición deportiva na que os atletas teñen que participar durante dous días en dez ou cinco probas, seguindo unha orde establecida e obtendo unha única clasificación.

ORIXE: composto a partir dos numerais gregos δέκα “dez”, πέντα “cinco” e o substantivo ἄθλον “loita, combate”.



Mosaico que amosa distintos entretemientos deportivos. S. I. Museo Jamahiriya.Trípoli, Libia.

ENGLISH WORD: “decathlon”, “pentathlon”.

CURRENT MEANING: an athletic contest for men in which each athlete competes in ten or five different events for two days, following an established order and getting a single classification.

ORIGIN: compound from the Greek numeral δέκα “ten” and the noun ἄθλον “fight”.

FRANÇAIS: “décathlon”, “pentathlon”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: compétition athlétique dans laquelle les athlètes doivent concourir dans un total de dix ou cinq épreuves en deux jours en donnant lieu à un seul classement.

ORIGINE: mots composés à partir des numéraux grecs δέκα “dix”, πέντα “cinq” et le substantif ἄθλον “lutte, combat”.

PALABRAS RELACIONADAS CO MATRIMONIO ROMANO

“MANUTENCIÓN, EMANCIPACIÓN”

GALEGO: “manutención”, “emancipación”.

SIGNIFICADO ACTUAL: por *manutención* entendemos a acción e efecto de manter ou manterse. Ten como sinónimos “alimentación”, “mantemento”, “sustento”. Por *emancipación* entendemos o feito de facerse libre ou independente dun poder o dunha persoa.

ORIXE: a etimoloxía tanto de *manutención* como de *emancipación* remítenos ao termo latín *manus*, que se refería á autoridade do *pater familias* sobre toda a súa familia. Deste xeito, a *emancipatio* en Roma liberaba un fillo da potestade paterna ou facíao pasar á potestade doutro. O concepto de *manus* era moi importante na estrutura xurídica do matrimonio en Roma, xa que a esposa podía quedar baixo a patria potestade do seu pai ou pasar a depender da autoridade do marido.

ENGLISH WORD: “emancipation”.

CURRENT MEANING: the act of freeing or the state of being freed, liberation.

ORIGIN: it refers to Latin term *manus*, that makes reference to the *pater familias* authority over his family. So that the *emancipatio* in Rome released a child from the parental authority.

FRANÇAIS: “manutention”, “émantipation”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: action de manipuler et de déplacer des marchandises pour l’magasinage, l’expédition ou la vente. On peut aussi faire référence au local réservé à ces opérations. *Émancipation* fait référence à l’action de s’affranchir d’un lien, d’un état de dépendance ou domination.

ORIGINE: l'étymologie tant de manutention que d'émancipation nous renvoie au terme latin *manus*, qui se référait à l'autorité du *pater familias* sur toute sa famille. De cette manière, l'*emancipatio* à Rome libérait un fils de la puissance paternelle ou le faisait passer à la puissance d'un autre. Le concept de *manus* était très important dans

la structure juridique du mariage à Rome, puisque l'épouse pouvait rester sous la *patria potestas* de son père ou passer à dépendre de l'autorité du mari.

“ESPONSAIS”

GALEGO: “esponsais”, “desposorio”, “esposorio”.

SIGNIFICADO ACTUAL: promesa de matrimonio entre dous futuros esposos, ceremonia ou festa na que se celebra o matrimonio, equivale a nosa petición de mano.

ORIXE: o termo latino *sponsales* alude á unha ceremonia arcaica na que os pais dos futuros contraentes concertaban o matrimonio e designaban a dote que a noiva achegaría ao matrimonio.

ENGLISH WORD: “espousals”.

CURRENT MEANING: an engagement or betrothal celebration between two future spouses, ceremony in which the marriage is celebrated.

ORIGIN: this term comes from the Latin *sponsales* and it refers to an archaic ceremony in which the parents of the future spouses arranged the marriage and indicated the dowry that the bride would bring to the marriage.

“ESPOSA”

GALEGO: “esposa”.

SIGNIFICADO ACTUAL: muller que contrae matrimonio. Por extensión, e debido ao seu carácter inseparable chámanse tamén “esposas” ás manillas de ferro coas que se suxeitan os pulsos dos presos.

ORIXE: remonta ao termo latino *sponsa*, que significaba “prometida”. Houbo pois un cambio de significado, xa que a esposa en Roma era a *nupta*.

ENGLISH WORD: “spouse”, “spousal”.

CURRENT MEANING: the spouse is a person's partner in marriage and the spousal is the ceremony of marriage, we can use it as a synonym of “nuptial”, “matrimonial”. In English there is not a derivative of this term to refer to cuff or manacles.

ORIGIN: it comes from the Latin word *sponsa* with the meaning of “fiancee”. Therefore there was a change in the meaning, because the married woman in Rome was the *nupta*.

FRANÇAIS: “épouse”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: femme qui est uni à un mari par le mariage.

ORIGINE: fait allusion au terme latin *sponsa*, qui signifiait “fiancée”. Il y a donc eu un change de sens, puisque l’épouse à Rome était la *nupta*.



As vodas Aldobrandinas. Fresco romano. Artista desconhecido. Biblioteca do Vaticano.

“MATRIMONIO”

GALEGO: “matrimonio”.

SIGNIFICADO ACTUAL: alúdese á unión legal dunha parella.

ORIXE: en Roma *matrimonium* (*mater-monium*) era un término xurídico que facía referencia ao dereito que contraía unha muller para ser nai dentro da legalidade.

ENGLISH WORD: “matrimony”.

CURRENT MEANING: it alludes to the legal union of a couple.

ORIGIN: in Rome *matrimonium* (*mater-monium*) was a legal term that allowed women to be mothers within legality.

FRANÇAIS: “matrimoine”, “épousailles”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: union léale d'un couple.

ORIGINE: à Rome *matrimonium* (*mater-monium*) c'était un terme juridique qui faisait référence au droit qu'une femme contractait pour être mère dans la legalité.



Matrimonio entre dous cidadáns romanos. Sarcófago no museo de Capodimonte.

PALABRAS E EXPRESIÓNS RELACIONADAS COA COMIDA ROMANA

“MARMELADA”, “MARMELO”, “MELOCOTÓN”

GALEGO: “marmelada”, “marmelo”, “melocotón”.

SIGNIFICADO ACTUAL: a marmelada é un doce feito con froita cocida ao que se lle engade azucre ou mel. O marmelo é o froito do marmeiro, úsase moito para a elaboración de marmeladas ou doces. O melocotón é o froito do melocotoeiro.



Marmeladas.

Melocotón.

Marmelo.

ORIXE: proveñen dunha disimilación do latín *melimelum* (un tipo de mazá) e, á súa vez, do grego *melimelon* (*meli* “mel” e *melon* “mazá”) que se refería á unha mezcla de marmelo con mel. En Portugal conservouse o sentido orixinario de marmelada, é dicir, doce de marmelo e despois pasou a outros países co significado ampliado. Hai quen di que o termo marmelada vén dunha anécdota relacionada con María Estuardo. Nunha ocasión que estaba enferma déronlle marmelo con mel e crese que o nome marmelada vén dunha deformación do francés *Marie est malade*.

Tamén da palabra latina *malum* “mazá”, neste caso unida a *cotoneum* (de *Kydonia*, antiga cidade portuaria de Creta), temos o noso termo “melocotón”, sendo tamén *cotoneum* a raíz que atopamos no termo inglés *quince*, “marmelo”.

ENGLISH WORD: “marmalade”, “quince”.

CURRENT MEANING: the marmalade is a sweet made by boiling the pulp of fruits with sugar. The quince is the fruit of the Quince, and is often used to make the marmalade and other sweets.

ORIGIN: the term *marmalade* derives from the Latin word *melimelum* (a kind of apple) and in turn comes from Greek *melimelon* (*meli* “honey” and *melon* “apple”) and it refers to a mixture of quince with honey. In Portugal kept the original meaning, i.e., sweet quince and then went to other countries with an expanded meaning.

The term *quince* comes from Latin word *malum cotoneum*, “quince fruit”, probably a variant that comes from Greek *Kydonion malon*, “apple of Kydonia” (from *Kydonia*, ancient seaport city in Creta).

FRANÇAIS: “marmelade”, “coing”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: préparation de fruits cuits avec du sucre.

ORIGINE: cet terme provient d'une dissimilation du latin *melimelum* (une sorte de pomme), et, également du grec *melimelon* (*meli* “miel” et *melon* “pomme”), référé à un mélange de marmelade avec du miel. Au Portugal on conserve le sens originaire de la marmelade, c'est à dire, *marmelo*, qui après fut transmis à d'autres pays avec une

signification plus large. On dit aussi que le terme marmelade vient d'une anecdote référée avec Marie Stuart. Une occasion où elle était malade, on lui donna de la marmelade avec du miel, et on croit que le nom marmelade vient d'une déformation du français *Marie est malade*.

Également du mot latin *malum* "pomme", dans ce cas avec *cotoneum* (de Kydonia, ancienne ville portuaire de Crète) on obtient le mot espagnol *melocotón*; étant aussi *cotoneum* la racine que l'on trouve dans le mot anglais *quince* "coing".

“FÍGADO”

GALEGO: “fígado”, “foie gras”.

SIGNIFICADO ACTUAL: glándula de gran tamaño situada no abdome dos vertebrados e que realiza importantes funcións, sobre todo dixestivas. Por extensión, alude á comida que ten como ingrediente este órgano, como o paté, ou feita integralmente de fígado, como o foie gras, que nos vén a través do francés.

ORIXE: palabra procedente de *ficus* "figo". Os romanos consideraban que os figos facían exquisito o fígado dos gansos e chamáronlle ao seu fígado *iecur ficatum*. Perdeuse *iecur* e quedou *ficatum* dando lugar en galego a fígado.

ENGLISH WORD: “foie gras”.


CURRENT MEANING: the liver of specially geese or ducks fattened by force-feeding and this term is also used to refer to a table delicacy, in the form of a paste.

ORIGIN: it comes from the Latin word *ficatum*, goose liver fattened with figs, because the Romans believed that figs turned into something delicious the liver of these animals.

FRANÇAIS: “foie”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: glande du tube digestif ou foie comestible de certains animaux.

ORIGINE: du latin *ficatum*, foie d'oie engrassé avec des figues, puisque les romains considéraient que les figues rendaient exquis les foies des oies.




Baixorrelevo exipcio mostrando a sobrealimentación de gansos.

“COMPAÑEIRO”

GALEGO: “compañeiro”.

SIGNIFICADO ACTUAL: persoa coa que se comparte algunha actividade.

ORIXE: remítense etimoloxicamente ao termo latino medieval *companium*, formado por *cum* “con” e *panis* “pan”, é dicir, aqueles que comparten o pan son compañeros.



Venda de pan nun posto do mercado. Fresco romano da Praedia de Julia Fenix en Pompeia Museo Archeologico Nazionale Naples.

ENGLISH WORD: “companion”.

CURRENT MEANING: a person with which any activity or work is shared.

ORIGIN: it comes from the Latin term *companio*, formed by *cum* “with” and *panis* “bread”, i.e., those that share the bread are companions.

FRANÇAIS: “compagnon”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: celui qui partage ses activités avec une autre personne.

ORIGINE: du latin *companio*, composé par *cum* “avec” et *panis* “pain”, c'est à dire, celui qui partage le pain avec quelqu'un.

“FARIÑA DO MESMO COSTAL”

GALEGO: “ser fariña do mesmo costal”.

SIGNIFICADO ACTUAL: dise das persoas que teñen os mesmos costumes ou defectos.

Esta expresión adoita ter un matiz pexorativo.

ORIXE: remítese á expresión latina *eiusdem farinae*.

FRANÇAIS: “être de la même farine”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: on s'utilise cette expression pour faire allusion à personnes ou choses qui ont les mêmes coutumes et défauts. Normalement avec un sens péjoratif.

ORIGINE: on fait référence à l'expression latine *eiusdem farinae*.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

1. Responde as seguintes preguntas relacionadas coa vida cotiá en Grecia e Roma:
 - a) Como se denomina ao sistema político, civil e social formado por familias que descendían dun antepasado común?
 - b) Que ampliación semántica vemos no paso do latín *cognatum* ao galego *cuñado*?
 - c) O termo *esposa* en galego ten o mesmo significado que o latino *sponsa* do que deriva?
 - d) Que diferenzas había en Roma entre un *infans* e un *adolescens*?
 - e) En que se basaba o poder dun *pater familias* romano?

2. Completa os ocos:

Os nenos romanos de familias ricas ían á escola acompañados dun escravo grego chamado.....

Na cerimonia do.....os pais dos contraentes fixaban a dote da muller.

A casa unifamiliar en Roma coñécese como.....

O termo cálculo fai alusión a unhas coas que os nenos romanos aprendían a contar.

Este fin de semana houbo un.....en Santiago e quedei primeiro nas cinco probas.

Ana e Pepe andan sempre facendo barrabasadas. Son tal para cal,.....

3. Complète avec vrai (V) ou faux (F):

Les esclaves faisaient partie de la famille romaine

Dans la compétition du décathlon il y avait cinq preuves.....

Le support d'écriture que les enfants utilisaient dans l'antiquité était le tableau de terre cuite.....

Le terme latin *germanus* signifiait littéralement “né de la même semence”


On dénomme népotisme au fait d'aider des amis à obtenir un travail.....

Le mot *compagnon* signifie littéralement “celui qui partage le vin”

4. Fais un commentaire sur ce que ces images te suggèrent:



Urne au musée des Termes de Dioclétien.



Musée de Berlin.

BIBLIOGRAFÍA

- Fernando Lillo Redonet, *El latín y el griego de tu vida*. Áurea Clásicos, 2004.
- Javier Gómez Molero, *Totum Revolutum*. Editorial Merial, s.l., 1999.
- X. F. Ruibal – A. Miramontes Nieto et alii, *De onte a hoxe*. Xunta de Galicia, 1984.
- Yolanda Espinosa y Mª del Remedio Muñoz, *Cultura Clásica*. Ediciones Akal, 2002.
- A. Ayuso Calvillo- E. Montero Cartelle, *Latín*. Ed. Akal, 2008.

Direcciones web:

<http://www.lexilogos.com/>

www.wordreference.com

<http://books.google.es/>